

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a inasistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO, non asiste)

José Santiago Santos García (UXT, non asiste)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 09.45 horas do 19 de decembro de 2012, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 17 de outubro de 2012.
2. Cobertura das seguintes categorías: 1 Técnico Superior de Cultivos Mariños, 1 Técnico Especialista de Cultivos Mariños na ECIMAT, 2 Técnicos Especialistas de Animalario e 1 Veterinario.
3. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
4. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 17 DE OUTUBRO DE 2012.

Logo das matizacións suxeridas por Luis Pérez Gómez apróbase a acta por unanimidade.

2. COBERTURA DAS SEGUINTE CATEGORÍAS: 1 TÉCNICO SUPERIOR DE CULTIVOS MARIÑOS, 1 TÉCNICO ESPECIALISTA DE CULTIVOS MARIÑOS NA ECIMAT, 2 TÉCNICOS ESPECIALISTAS DE ANIMALARIO E 1 VETERINARIO.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que está prevista a apertura do edificio do animalario para finais do terceiro trimestre de 2013 sendo necesario par apolo en marcha 1 Veterinario e 2 Técnicos Especialistas. Dispoñendo de tempo, a Xerencia pretende realizar as convocatorias para a provisión mediante persoal temporal en

febreiro ou marzo do vindeiro ano, para o que na próxima reunión desta comisión presentaría os temarios. Consonte as normas que resultan aplicables e especificamente o R.D. 1201/2005, os aspirantes necesitan estar en posesión da formación correspondente á categoría B. A Xerencia pretende promover a promoción interna, polo que antes das convocatorias pretende ofrecer a formación requirida.

Ángel Torreiro manifesta que deberían facerse as contratacións antes da posta en marcha do servizo para aproveitar a formación que poidan as empresas que dotan as instalacións e que vai incluída co contrato.

O Vicexerente está de acordo, e nesa mesma liña está o feito de ofrecer previamente a formación para a obtención do certificado de categoría B.

Luis Pérez pregunta cómo se vai casar convocatoria e curso.

José M. Fernández Viña indica que cando se convoque o curso, podería publicarse tamén na lista de correo “Avisos” unha nota na que se informe que se van a convocar as prazas do animalario, na que se dará preferencia aos candidatos por promoción interna, e que para participar é preciso acreditar a formación que se ofrece mediante o curso que se convoca.

Tanto Luis Pérez como Manuel Marcos suxiren que nese momento tamén se informe sobre o temario. O Vicexerente de persoal sinala que está de acordo en facilitar esa información.

Luis Pérez cree que ao falar de categorías novas deberían pasar polos órganos colexiados, xa que ademais son prazas que se van a aprobar na RPT. O resto dos membros representantes dos sindicatos están tamén de acordo co expresado por Luis. Ademais solicitan que as convocatorias se publiquen coa suficiente antelación para que as persoas interesadas en participar por promoción interna teñan tempo de preparar os temarios, xa que estes son moi extensos.

En canto a cobertura de prazas na ECIMAT, o Vicexerente recorda que esta presta unha serie de servizos mediante unidades que se foron creando a partir das subvencións recibidas de fondos europeos e provistos de persoal a través das convocatorias de diferentes organismos públicos, Isabel Barreto, Juan de la Cierva. Moitos destes contratos están rematando o que implica que habería que reaxustar a oferta de servizos prestados, tendo en conta que existen unha serie de instalacións que pasarían a estar infrautilizadas e sen persoal que as manteña, por todo isto a Xerencia quere ofertar unha serie de prazas de categorías novas que permitan continuar coas actividades ordinarias na ECIMAT.

3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.

Luis Pérez pregunta pola contratación de un Auxiliar Técnico de Servizos Xerais de apoio ao campus, que supón ligada á baixa do Técnico Especialista de Servizos Xerais do ámbito de Ciencias Experimentais. Ángel Torreiro pregunta se non existían pedimentos de ATSX fixos para trasladarse a Vigo

O Vicexerente explica que esa decisión tomouse tendo en conta a duración estimada da baixa que era de un mes, a situación concreta do centro e a circunstancia de que a cobertura podería xerar ata catro cambios entre traslados e cambios de quenda, polo que, dada a curta duración prevista, se acordou as necesidades na área de servizos xerais se atenderán reforzándoa mediante a contratación de 1 ATSX directamente da lista de agarda. Non obstante, de prolongarse a baixa estudarase novamente a situación.

Tanto Luis Pérez como Ángel Torreiro non comparten a decisión da Xerencia.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

O Vicexerente reparte os temarios e a lista coas funcións das categorías de Técnico Especialista de Animalario e Veterinario.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11.00 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.